



Memoria xustificativa do Convenio de cooperación educativa entre a Universidade da Coruña e a entidade pública empresarial Augas de Galicia para a realización de prácticas académicas externas, sen prestación económica, de alumnos do Mestrado universitario en enxeñaría de camiños, canais e portos

1 Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins; que ten por finalidade, entre outras, a preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.

2 A Universidade da Coruña (UdC) está impartindo, dentro do seu programa de cursos de posgrao propio, no actual curso académico 2016-2017 o Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos.

A UdC e Augas de Galicia coinciden en considerar necesario un maior acercamento entre o ámbito profesional e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados pola sociedade.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de tres meses dende o día da súa sinatura.

4 O obxecto do convenio de colaboración é regular a cooperación entre as partes asinantes de cara a unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación de prácticas académicas externas extracurriculares de alumnado do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos no curso académico 2016-2017, nas dependencias da entidade pública empresarial Augas de Galicia.

5 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo profesional constitúe unha das principais preocupacións da Universidade da Coruña, e o complemento das ensinanzas teóricas recibidas polo alumno con coñecemento práctico da realidade profesional é parte fundamental da súa formación.

Augas de Galicia, acorde coas súas funcións, manifesta a súa vontade de se converter en entidade colaboradora da Universidade, de cara a facilitar a realización de prácticas educativas que permitan un maior





acercamento dos alumnos da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos en materia de augas no ámbito das competencias que lle corresponden a esta entidade, e ó aproveitamento da experiencia que posúe nestas materias.

Por tanto, as partes deciden subscribir un convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas no desenvolvemento do período de prácticas académicas externas dos alumnos da Universidade.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela,
O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez
(*asinado dixitalmente*)

